



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II Xornadas sobre Administración pública e xénero: a xestión da igualdade no ámbito autonómico e local.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	5
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓN

DESCRICIÓN CURSO

Desde hai unhas décadas, os poderes públicos veñen deseñando e poñendo en marcha accións para paliar as discriminacións de xénero e promover unha maior igualdade entre os homes e as mulleres. O desenvolvemento de organismos específicos de igualdade de xénero no nivel autonómico e no local en España dá comezo a finais dos anos oitenta e noventa respectivamente. Este proceso permitiu, entre outras cousas, a descentralización das políticas de igualdade e a posta en marcha de programas estables de atención ás mulleres.

O pasado ano tiveron lugar as I Xornadas sobre xénero e Administración pública realizadas nas sete principais cidades galegas. Debido ao interese suscitado por estas, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) considerou oportuno reeditar este tipo de acción formativa, pero nesta ocasión no nivel municipal, dado que a posición de proximidade da Administración local á cidadanía fai que este nivel administrativo sexa o máis axeitado para analizar as medidas de carácter social, debido ao mellor coñecemento da realidade local. Así mesmo, este último permítelles ás autoridades municipais detectar máis doadamente as necesidades reais da cidadanía e ter unha incidencia directa sobre a poboación.

Ademais, nesta ocasión, e tendo en conta a experiencia das anteriores xornadas, consideramos un obxectivo práctico prioritario das xornadas, conseguir involucrar un maior número de homes nestas sesións xa que, desafortunadamente, a temática destas actividades continúa a verse como unha preocupación exclusiva das mulleres.

Este ano 2007 as xornadas céntranse na xestión da igualdade no ámbito autonómico e local. Para iso, as sesións perseguen tres obxectivos fundamentais:

1. A análise dos conceptos e claves teóricas para entender as políticas públicas de igualdade.
2. O coñecemento e descrición das ferramentas metodolóxicas necesarias para a avaliación das políticas públicas de igualdade no ámbito autonómico e local.
3. O exame e aproximación á conciliación laboral e familiar como problema público.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia, da Administración local galega e doutras administracións, cargos electos, asociacións relacionadas co ámbito das mulleres, dinamizadoras/es da igualdade, profesorado, universitarios e interesados en xeral.

PROGRAMA

O programa de cada xornada divídese en dúas sesións: na sesión da mañá impartiranse dúas conferencias e a seguir abrirase o correspondente debate; na sesión da tarde, os asistentes terán ocasión de participar nun obradoiro para a igualdade co fin de pór en práctica e afondar nos distintos aspectos das políticas de igualdade.

1. Conferencias (sesión de mañá):
 - Xénero e políticas públicas. Unha aproximación teórica.
 - Como avaliar as políticas públicas de igualdade? Estudos de caso.
 - Os retos da conciliación familiar e laboral.

2. Obradoiro: explorando os valores da igualdade (sesión da tarde).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado en función da capacidade do local. A prioridade das inscricións establécea a súa orde de entrada.

3. DATOS EDICIÓNS

BAIONA

LOCALIDADE: BAIONA **INICIO / FIN:** 05/11/2007 a 05/11/2007

NUM. PRAZAS: 200 **ESTADO:** NORMAL **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

BARCO

LOCALIDADE: BARCODEVALDEORRAS **INICIO / FIN:** 29/10/2007 a 29/10/2007

NUM. PRAZAS: 200 **ESTADO:** NORMAL **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

BERGONDO

LOCALIDADE: Bergondo **INICIO / FIN:** 15/10/2007 a 15/10/2007

NUM. PRAZAS: 150 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Edificio da Senra, situado na Cruz do Sar, s/n. Bergondo

RIBADEO**LOCALIDADE:** RIBADEO**INICIO / FIN:** 22/10/2007 a 22/10/2007**NUM. PRAZAS:** 200**ESTADO:** NORMAL**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

SANTIAGO**LOCALIDADE:** SANTIAGO**INICIO / FIN:** 22/11/2007 a 22/11/2007**NUM. PRAZAS:** 255**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

EGAP, Rúa Madrid 2-4. Santiago de Compostela